



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 687/2019 DE 02.07.2019 DE DELEGACIÓN DAS ÁREAS DE GOBERNO

O 02.07.2019 mediante Resolución de Alcaldía núm. 678/2019 ditouse o decreto de delegación das áreas de goberno.

Logo de ver que existe un erro de datas nos apartados 1 e 2 das consideracións legais e técnicas.

Logo de ver o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Pública que di: *"As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos."*

Tendo en conta o anterior, en uso das atribucións conferidas pola normativa vixente, RESOLVO:

Corrixir o erro material advertido na Resolución de Alcaldía núm. 678/2019 de 02.07.2019, de xeito que:

Onde di:

"CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICA

1 Por Resolución da Alcaldía 673/2019 do 1 de xullo, nomeáronse os membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene e por Resolución da Alcaldía 678/2015 do 1 de xullo nomeáronse os tenentes de alcalde.

2 Por Resolución da Alcaldía 685/2019, do 9 de xullo, creáronse as áreas nas que se estrutura o gobernomunicipal.

(...)"

Debe dicir:

"CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICA

1 Por Resolución da Alcaldía 673/2019 do 1 de xullo, nomeáronse os membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Fene e por Resolución da Alcaldía 678/2019 do 1 de xullo nomeáronse os tenentes de alcalde.

2 Por Resolución da Alcaldía 685/2019, do 2 de xullo, creáronse as áreas nas que se estrutura o goberno municipal.

(...)"

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.